


NÚMERO 4// DECEMBRO 2021

CHÍO

AGARDANDO A QUENDA



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Recuncho dun corredoiro en Lugo



PECHA A PORTA AO SAÍR.

Pechamos o ano dende **Chío**, ca fachenda de teren posto en circulación un proxecto importante, como é a primeira revista cultural dixital, de Lugo.

Certo é que precisamos de maior difusión, pero para facer calquera viaxe, sempre hai un primeiro paso.

E alá que vaia o 2021, para nós ano de inicio, de arranque, de comezo e, polo tanto, de gran ilusión; pero que entre o 2022, por favor: agardamos crear tanta expectativa, entre os/as lucenses, que cada número de **Chío**, sexa como o momento máxico de abrir os agasallos de Nadal.

MELINA LÓPEZ


GALVÁN NA MOTOCICLETA

MELINA LÓPEZ

O **Darío** será sempre para min, aquel Galván que atopei de súpeto no meu bachiller. Coma quen se cruza cun descoñecido e non pode afastar os ollos, por quedar marabillado sen saber ben o porqué. Así descubriuno eu. Pouco mudou, dende entón, a miña percepción.


Porén, cando souben que marchara, un calafrió levoume a lembrar un cabalo, que ben podía ser motocicleta ás veces. E convencínme de que andaría xa, ao galope.

"Un asunto de meu, que máis ca de vida é de morte, pero que non me sorprende, obrigoume a volver ó meu pais co mensaxeiro que me veu avisar. Con tódalas miñas forzas quixera quedarme, pero hai forzas maiores que me fan partir. Ben sei que vos doerá un pouco non ver nunca máis a Galván, e por iso só podo dicirvos por carta, que leredes cando eu estea xa lonxe, canto estimei a vosa compañía e a vosa fermosa amizade. Desgraciados son os camiños que desta terra me afastan" *



ALMANAQUE DE ADVENTO

MELINA LÓPEZ



Advento: Período de tempo de catro semanas que celebra a Igrexa antes do Nadal, como preparación para este.

No **Chío**, traemos o noso particular almanaque de advento relacionado ca cultura. Cunha fiestra, que cada día, agocha unha sorpresa por descubrir. Anímaste a ir mirando, con nós, a través destas xanelas virtuais?

01 Decembro

Mítica imaxe de **Carlos Valcárcel**, coa que queremos render homenaxe a un fotógrafo que retratou magníficamente a realidade de Galicia e creou un "lema" para **Lugo**.



...y para comer, Lugo (año 1.962)

02 Decembro **Panxoliña.** Canto de Nadal

Baixate loureiro
dame un ramaliño
para facer sombra
ao Santo meniño.

Ay, miña xoiña
qu'angustias me das
o ver que pr'o neno
roupiñas non tras.

03 Decembro

Fragmentos agochados, de Lugo. 1.



04 Decembro

Reflexión lucense.

Vai ser o MIHL, algunha vez, un museo interactivo da historia de Lugo, segundo din as súas siglas?

05 Decembro

Déixome regresar coma gata á túa boca e apouséntome nela,
non quereda caer de ti.

Coma hoxe
no meu corpo xúntanse as túas mans facendo historia,
as miñas inclinan nas túas costas os abrazos desde a infancia.
Agora nós,
corpo que añoraba cando morriamos,
de cada vez.

Poema. Extraído da selección de textos de **Xela Arias**, feita por **María Xesús Nogueira Pereira**, no libro "De certo, a vida ía en serio". Chan da Pólvora editora.

06 Decembro

Reflexión lucense.

Onde está a cultura na Constitución española?

Artigo 44. 1. Los poderes públicos promoverán y tutelarán el acceso a la cultura, a la que todos tienen derecho. FIN.

07 Decembro

Lugo 2021.

Parque Rosalía de Castro.

No seu centenario.

1921- 2021



08 Decembro

Ligazóns de interese.

Abraham Cupeiro. Músico lucense. Na RTVE.

https://www.rtve.es/play/videos/atencion-obras/atencion-obras_-abraham-cupeiro/5775954/

09 Decembro

Fragmentos agochados, de Lugo. 2.



10 Decembro

Panxoliña. A run run

A run run, run run, meu neno,
a run run, a run run meu amor,
dentro das pallas hai un meniño,
blando e roxiño que da primor.

A run run, run run, meu neno,
a run run, a run run meu amor,
o boi marelo, de comer deixa,
e co alento dalle calor.

11 Decembro

Poema. Extraído de "Poemas escollidos". **Manuel María.** Edición da casa-museo.



Certeza

Un vai pola vida a cegas, sen saber
con que cousas quedarse
para poder cumprir o noso destino
escuro como unha noite sen estrelas.
Na miña incerteza
estou só certo dunha cousa:
do teu amor que me posúe
como nunca me posuíu cousa ningunha.
E tamén sei que nada pode alumar
a miña escuridade de home
se non é
a luz sobrenatural do teu amor.

De Entre a arxila e a luz



12 Decembro

Ligazóns de interese. Revista Milana. Apuntes de cine e series. Almas lucenses.
<https://www.milanacine.es/>

13 Decembro

Fragmentos agochados, de Lugo. 3.



14 Decembro

Reflexión lucense.

Onde está a cultura na Constitución española?

Artigo 44. 1. Los poderes públicos promoverán y tutelarán el acceso a la cultura, a la que todos tienen derecho.
FIN.

15 Decembro **Reflexión lucense.**

Se facemos unha porra sobre cando se decidirá o qué facer en San Fernando, sería alguén quen de gañala?

16 Decembro

Poema. Extraído de "Cinepoemas". **Claudio Rodríguez Fer.** Edición gráfica de Cristina Fiaño.



17 Decembro

Fragmentos agochados, de Lugo. 4.



18 Decembro

Panxoliña. En Belén hai moita festa

En Belén hai moita festa
oio Pandeiros e Gaita,
vamos a Belén Pastores
levemos as nosas Frutas

¡Ai que noite tan fermosa
que noite tan linda e crara;
a todo mundo convida
vamos, vamos sin tardanza!

19 Decembro

Reflexión lucense.

U-lo tren? 146 anos despois disto:

Conta **Darío Xohán Cabana** no libro "A chegada a Lugo do primeiro tren": "O 5 de outubro de 1875, día de San Froilán, o tren facía a primeira viaxe, unha viaxe cerimonial e como de proba, desde a Coruña a Lugo; a nosa cidade era de momento a estación termo do camiño de ferro. (...) Ata que o tren chegou a Lugo, a única vía galega en servizo era a de Santiago á vila de Carril".



20 Decembro

A poesía move obxectos na distancia.
Coma o teu corazón levitando na escena
de Solaris de Tarkjovsky.

E aquela neve intacta dun libro miniado
onde traballan labregos do ano mil
e sobre o ar

lles cae unha zoquiña
que levita tamén na nada
coma ti.

E isto ninguén o sabe
pero isto era ser feliz:

saber con consciencia de saber
que soa a poesía move obxectos na distancia.

Poema. "Levitación".
Extraído da obra "Feliz idade". **Olga Novo.**



21 Decembro **Fragmentos** agochados, de Lugo. 5.



22 Decembro **Panxoliña**. Canto de Nadal.

Despedida do ano vello
entradiña d'ani novo
os señores d'esta casa
os conten con grande gozo.

23 Decembro

Ligazóns de interese. Diego AS. Autor de Julio César, graffiti escollido coma o mellor do mundo en agosto do presente ano.

https://www.instagram.com/diegoas_graffiti/?hl=es



24 Decembro

As portas que abrimos e pechamos cada día, deciden as vidas que vivimos.

Flora Whittemore.



LUGO, MIRA PRA ARRIBA III

Derradeira entrega desta reportaxe fotográfica denominada "**Lugo, mira pra arriba**". Novamente, recollemos unha selección de imaxes, agrupadas arredor da idea de contemplar o que está aí, na nosa cidade, se erguemos un pouco os ollos e que a cotío, pasa desapercibido.

Repetimos colaboración de **Carlos Araujo**, na imaxe (sen título) que abre esta edición de decembro. E aproveitamos para agradecerlle, desde estas páxinas, a súa "ofrenda".

O resto de imaxes, son puntos de vista, novamente, de quen coordina **Chío**.





ACLAREMOS

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

Con respecto aos **contidos** deste número de **Chío**, aclaramos:

- **Na honra**: a imaxe, tomada do diario LVG, ten por autor a Alberto López. O asterisco corresponde a un extracto da obra "Galván en Saor" , do propio Darío Xohán Cabana

- **Almanaque**:

Todas as referencias do almanaque de advento, quedan especificadas no mesmo, agás as localizacións dos "Fragmentos agochados", que son as seguintes:

1. Vello cárcere
2. Paseo de Ombreiro. Lugo
3. Regueiro das hortas. Lugo
4. Embalse de Portomarín. Lugo
5. Xardíns da Deputación de Lugo

Aclarar, aclaramos, pero ben é certo que podemos tamén errar. De seren así, pregamos a consideración de todos os lectores/as e que iso, non sexa motivo de abandono, senón o acicate para voltar por aquí.

Coordina e dirixe Chío, Melina López

